
**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DA ESCOLA TÉCNICA
SUPERIOR DE ENXEÑEIROUS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS DA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA, CELEBRADA O MÉRCORES, DÍA 23 DE
XANEIRO DE 2017**

De acordo co establecido na orde do día, a Xunta da Escola Técnica Superior de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña constitúese en sesión extraordinaria ás 13:07 horas do martes día 23 de xaneiro de 2018, coa seguinte orde do día:

1. Estudo da proposta de titulación de mestrado internacional en sustentabilidade da UDC

ASISTEN OS SEÑORES:

PROFESORES VINCULACIÓN PERMANENTE

Acinas García	Juan Román
Álvarez García	Julia
Anta Álvarez	José
Baldomir García	Aitor
Barrientos Rodríguez	Víctor
Carro López	Diego
Cea Gómez	Luis
Delgado Martín	Jordi
Domínguez Perez	Xabier Eduardo
Eiras López	Javier
Fé Marques	Jaime
Fontán Pérez	Arturo Norberto
Fuentes García	Luis
González Fonteboa	Belén
Hernández Ibáñez	Santiago
Jácome Burgos	Alfredo
Martínez Abella	Fernando
Martínez Lage	Isabel
Nieto Mouronte	Félix
Novalés Ordax	Margarita
Orro Arcay	Alfonso
Padilla Benítez	Francisco
Paris López	José
Pena Mosquera	Luis

Peña Gonzalez
Pérez Pérez
Puertas Agudo
Rdez.-Vellando Fdez.-Carvajal
Romera Rodríguez
Samper Calvete
Suárez López
Taboada Vázquez
Varela García
Vasallo Rapela

RESTANTES CATEGORÍAS PDI

Couceiro Aguiar
Martínez Díaz
Rodríguez Pasandín
Rojo López

ESTUDANTES

Alonso Rodríguez
De lucio Alonso
García-Alén Lores
Pazos Taboada
Sotelo Domínguez
Vázquez Varela

PERSOAL DE ADMINISTRACIÓN E SERVIZOS

Calvo Fariña
Cartamil Obelleiro
Cruz Viqueira
Lafuente Paulos
Nuñez Cartelle
Recarey Buño
Rivas Quelle
Romero Rozas
Vázquez González

EXCUSAN:

Navarrina Martínez

Enrique
Ignacio
Jerónimo
Pablo
Luis Esteban
Francisco Javier
Joaquín
Raquel
Francisco Alberto
Alejandro Manuel

Iván
Margarita
Ana María
Gemma

Pablo
Mario
Gonzalo
Damián
Luis
Miguel Ángel

Juan Bautista
Carmen
María Pilar
Marta
Ana Valvanera
María José
Cathaysa
Rubén
Julia

Fermín Luis

Preside a sesión o Sr. Ignasi Colominas, Director da Escola. Actúa como secretario o Sr. Diego Carro.

1. Estudo da proposta de titulación de mestrado internacional en sustentabilidade da UDC

O Director comeza explicando o desenvolvemento dos acontecementos, explica que a primeira información na Escola foi na Comisión Permanente o 29 de novembro de 2017, dunha titulación en sustentabilidade, esta proposta foi preparada polo profesor Pablo Rodríguez-Vellando e Isabel Martínez Lage. Explica o contido da proposta que se recolle nos documentos anexos a esta acta. A Comisión Permanente debatiu esta titulación e decidiuse que o estudo esta titulación se trasladara á Comisión de Análise Estratéxico. Estes feitos foron expostos na última Xunta de Escola.

Tras dita Comisión Permanente os profesores que prepararon a proposta explicaron a situación ao reitor. Tras eso, nun acto na Escola o reitor explicoulle ao director que se ía constituír este título fose na Escola, ou en outro centro da UDC, pero que se implantaría. O director tivo unha reunión tamén sobre ese mestrado coa vicerreitora de títulos, quen lle informou de que había premura en que se tomara unha decisión, dado que se quería solicitar o Erasmus Mundus. Por último, na última reunión da Comisión Permanente onde se tratou este tema, acordouse que se levara o tema á Xunta de Escola para decidir se a dirección da Escola debía tomar a iniciativa deste título e preparaba no seu caso un borrador de proposta do mestrado, que se volvería a traer á Xunta de Escola. O director recibiu ese mesmo día dous informes por parte da reitoría, que se enviaron aos membros da Xunta, e que figuran como anexos á acta:

- Informe del Vicerrectorado de Internacionalización y Cooperación: Informe máster sustentabilidad enero 2018.docx

- Informe elaborado por los profesores Pablo Vellando e Isabel Martínez: documento junta de escuela v4.docx

Intervén o profesor Pablo Rodríguez-Vellando, detalla que isto comeza no mes de xuño por contactos que tivo el en Magdeburgo debidos ao Máster de Enxeñaría da Auga. Detalla o desenvolvemento dos contactos e os condicionantes que aparecen pola colaboración entre as tres universidades que están recollidos nun informe que se enviou e que se adxunta a esta acta. Explica que trasladou a idea deste mestrado á reitoría dado que considera que afecta a varios centros nunha reunión a finais de xuño.

Explica tamén que hai unha data límite, onde se entrega a documentación o día 15 de febreiro de 2018, hai que definir os contidos, desde o presuposto ata o número de estudantes a recibir. Corre bastante presa definir a participación para que se poida aprobar e presentar este mestrado ao programa Erasmus Mundus.

Intervén o profesor Diego Carro. Indica que cando se organiza calquera actividade, o procedemento habitual é en primeiro lugar contactar coa xente coa que se quere contar, para recadar a súa axuda e o seu apoio para organizalo. Indica que non recibiu ningún contacto nin consulta sobre este mestrado, polo que a mensaxe que afirma percibir é que non interesa a súa participación neste mestrado. Engade que considera que o seu perfil

académico e investigador encaixa nesa proposta. Tamén sinala que lle consta que tampouco se contactou con outras persoas que traballan en sustentabilidade na Escola, considera que non sería lóxico organizar un título sobre sustentabilidade sen contar con eses profesores. Continúa e sinala que a situación actual é entre e que a Escola está entre a espada e a parede, se non aceptamos participar, pode ser que se imparta un título de sustentabilidade sen contar coa Escola. Se tragamos esta proposta, haberá que definir en que condicións. Por último, expón que considera que a idea xeral do mestrado ten aspectos positivos e que podería ofrecer algo interesante para a Escola.

Intervén o profesor Pablo Rodríguez-Vellando, explica que cando se trata un tema como este as partes intervincentes deben ser os órganos colexiados da Escola. Tamén destaca que fala primeiro co reitor no mes de xuño, dado que se non hai apoio da universidade non tería sentido nin comezar a estudar a proposta e, como parece que é posible, a presenta ao director da Escola na reunión do 19 de outubro. A día de hoxe, propón que a dirección tome as riendas deste proxecto, e que sexa a dirección a que lidere este mestrado. El trasladará á dirección da Escola todos os traballos previos feitos.

Intervén o profesor Manuel Herrador, preguntando se este mestrado se podería articular polo regulamento de títulos conxuntos. Indica que lamenta que, sendo Responsable de mobilidade e relacións internacionais, non tivera ningún coñecemento previo sobre esta proposta de mestrado internacional.

Intervén o profesor Santiago Hernández, indicando que instaurar un título oficial é unha cuestión moi seria como para decidilo con un prazo tan axustado. Considera que como punto de partida, a Escola non ten que establecer nin cumprir ningún prazo para decidir. Indica que afecta a moitos centros cos que podería haber interferencias. Nos ranking internacionais, a UDC está no 800 e a Escola no 300. Na súa opinión unha Escola relativamente nova como esta, é importante que se vincule con universidades potentes e de prestixio. Magdeburgo e Le Havre están no 2000 nos ranking. Non ve que ten que gañar a UDC con esta alianza. Pregúntase que mensaxe lle transmitimos aos estudantes da nosa Escola: apostarán polo máster profesionalizante ou por esa outra rama na que se estuda sustentabilidade; parece que o Master de Camiños non inclúe contidos de sustentabilidade, cando a enxeñaría por esencia é sostible, e os enxeñeiros xa teñen competencias en sustentabilidade.

Intervén a profesora Belén González indicando que un mestrado en sustentabilidade lle parece unha boa idea, pero que considera que se debería ter tempo para analizar a implantación dun título destas características. Considera que o foro para estudiala sería a comisión de análise estratéxico ou senón a dirección.

Intervén a profesora Isabel Martínez, explicando que en principio este proxecto parecía que iba a ter participación de varios centros da UDC: Arquitectura, Industriais e Camiños. Por esa razón, as negociacións foron coa vicerreitora de internacional.

Intervén o profesor Javier Samper, indica que non entende que este máster non se presentara na reunión do campus sostible que se celebrou recentemente, onde se traballou sobre as liñas estratéxicas do campus da sustentabilidade.

Intevén o Director para falar sobre a reunión de estratexia de sustentabilidade do campus á que o director no foi invitado a asistir. Considera que hai unha descoordinación sobre a estratexia da UDC neste punto.

Intervén o estudante Damián Pazos, considera que se levaron mal os tempos na formulación da proposta do mestrado. Entende que se leve primeiro á reitoría se vai a ser internacional. Respecto a se a UDC monta o master incluso sen a Escola, considera que o máis razoable e que a Escola contacte con outras universidades e que se faga unha proposta que poida ser interesante. Indica que si hai diferenza entre este master e o de Camiños, e que este sería especializante, polo que si tería interese.

Intervén o profesor Luis Romera, indica que na comisión permanente houbo acordo en que o procedemento de elaboración desta proposta fora incorrecto, dado se informara á reitoría e despois á Escola. Engade que se esperou moito a comunicar coa Escola.

Resposta o profesor Pablo Rodríguez-Vellando indicando que considera que este proxecto involucra a varias Escolas da UDC. Engade que a Dirección debería ser quen levara este proxecto adiante.

Intervén o profesor Fernando Martínez, comeza incidindo en que a sustentabilidade é unha moda. Moitos destes contidos xa se están impartindo na Escola. Resalta que en tempo recente se creou unha comisión de estratexia para establecer cara a onde avanzamos. Considera que debe meditarase a implantación dun título destas características e que é unha mala posición de partida a presión que hai. Con 3000 másters en España, a semántica e a nomenclatura debe ser ben meditada. Considera que os pasos foron moi mal levados. Se isto se empezase a tratar con antelación estaríamos en outra situación. Considera que lle da rabia que estemos así hoxe, tendo o 15 de febreiro 2018 un prazo que conclúe.

Intervén o profesor Alberto Varela dicindo que ten certas dúbidas. En primeiro lugar en canto ao proceso, parece que a aprobación do máster será por interese da reitoría. Sinala que este tema non se tratou no departamento. Expón que hai propostas de profesores que tratan directamente coa reitoría para facer unha proposta e se saltan o proceso de departamento e do centro. Indica que hai potencialidades de implantar mestrados na Escola, como por exemplo un mestrado de conservación e explotación de infraestruturas. Indica que hai moitas cuestións que analizar.

Intervén o profesor Santiago Hernández e lé o escrito do profesor Fermín Navarrina, quen indica que non está de acordo co procedemento de xestión e que considera que os socios desta proposta non son os axeitados.

Intervén o profesor José París, indica que coincide en que a xestión foi incorrecta e pouco transparente. O que mais lle doe é que a orixe vén da Escola, facéndolle dano. Expón que estamos entre a espada e a parede. Non se nos deixa marxe de actuación, ou ben perdemos unha oportunidade de establecer unha titulación de sustentabilidade ben feita ou aprobamos esta opción. Considera que en todo este procedemento se violentaron as institucións e que na súa opinión en este proceso houbo deslealtade institucional.

Resposta o profesor Pablo Rodríguez-Vellando indicando que non se violentaron as institucións en ningún aspecto.

Intervén o profesor Quique Peña, indica que ten moi pouca información deste tema ata agora. Considera que a día de hoxe temos que decidir. Non considera que sexa tan importante o prazo e que deberíamos darnos tempo. E considera que debería tratarse na Comisión de Análise estratéxico. Considera que se debería traballar e estudar isto con calma antes de tomar decisións.

Intervén o profesor Ricardo Juncosa, indica que considera increíble que se lle den leccións de transparencia a algúns profesores de este máster. Agradece tamén aos profesores que prepararan a proposta.

Intervén o profesor Juan Acinas, indica que neste momento incluímos a sustentabilidade na acción da enxeñaría civil. Indica que agora hai un acordo coa natureza, xa non unha loita coa natureza. Cada vez temos que falar máis de calidade e sustentabilidade. Considera que haxa un máster internacional nesta escola é moi positivo, para que veñan estudantes estranxeiros á Escola. Engade que hai apuro pero que, as cousas pódense ver como oportunidade ou problema. Agradece o esforzo das persoas que levaron este tema.

Intervén o profesor Luis Pena, agradecendo tamén o traballo realizado polos profesores. Indica que propoñer un máster internacional nesta Escola é positivo incluíndo as temáticas de sustentabilidade. Indica que agora é un pouco apurado e con pouca información. Indica que ante estas oportunidades hai que ter unha idea de futuro.

Intervén o profesor Alfonso Orro, quen agradece aos profesores Pablo Rodríguez-Vellando e Isabel Martínez o seu traballo. Indica que non se falou moito sobre o máster en si mesmo e moito sobre o procedemento. As prisas non dan moita marxe para facer un estudo detallado. O tema do 15 de febreiro é inabarcable segundo a información que consultou, o que hai que establecer é se nos interesa o proxecto. Se ten que retrasarse un ano a implantación para presentar algo de calidade non debería haber ningún problema. Indica que si que pode haber un master especializante en sustentabilidade e que sería interesante.

Intervén o profesor Jerónimo Puertas, indicando que o obxecto desta reunión era ver se se delegaba na dirección as riendas nesta cuestión. Na súa opinión si que se debería estudar este tema. El tamén estivo na reunión de Campus sostible e non se falou deste tema.

Intervén o profesor Xabier Domínguez, consulta sobre se houbo algún input da universidade e porque non acuden á Escola e aclaran esta cuestión.

Resposta o Director indicando que este é o paso previo e que se comezará a estudar a partir de aquí.

Acórdase que a dirección estude os traballos realizados ata ese momento, recabe información, e presente, no seu caso, unha proposta á Xunta de Escola.

A sesión da Xunta de Escola finaliza ás 14:40 horas do martes 23 de xaneiro de 2018.

Vº. Bº.
Ignasi Colominas Ezponda
Director

Diego Carro López
Secretario Académico